

O CONCELLO DE CASTRELO DO VAL LEVA EXECUTADO O 60 POR CENTO DA OBRA DE URBANIZACIÓN DA RÚA O POULÓN SUBVENCIONADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO.

O Concello de Castrelo do Val leva executado o 60% da obra de urbanización da rúa O Poulón, correspondente á anualidade 2021, quedando por executar o 40% da anualidade do 2022. Trátase dunha actuación por un importe total de **96.800,00 €**, dos que 67.760,00 € proveñen dunha subvención da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 05.03.2021 da Consellería de Medio Ambiente, territorio e vivenda a través da dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo, e o resto, 29.040,00 € proveñen dos fondos propios do Concello.

O Plan Hurbe, aprobado por resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería MAOT, de data 29 de abril de 2021. DOG Núm. 45, do 8 de marzo de 2021.

O que se pretende con esta obra é aumentar o ancho da vía así como dotala de abastecemento, saneamento e pluviais, habilitando unha zona para os peóns e un aumento das dimensións dos carrís. Para o desenvolvemento deste proxecto é necesario realizar un pequeno muro de contención cos seus correspondentes pozos, arquetas e sumideiros.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA



**Concello de
Castrelo do Val**

